

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 453/2014

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

En data 04.07.14 procedeuse á apertura dos sobres A e requiríuselle ós interesados para que nun prazo de 3 días, presentasen o sobre B.

Nese prazo o interesado con nº de licitador 2101 desiste do procedemento. Os demais presentan o sobre B.

En data 18.07.14 ás 9:30 horas na Casa do Concello procedeuse á apertura do sobre B e, unha vez puntuadas as solicitudes, confecciónase a seguinte lista provisional coa súa puntuación correspondente, e os excluídos coa causa de exclusión.

En data 21.10.2014 mediante resolución de alcaldía Nº 427/2014 aprobouse a lista de admitidos e excluídos e procedeuse a súa publicación no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas outorgando un prazo de 10 días dende a súa publicación para que os solicitantes puidesen presentar alegacións.

A vista que transcurriu o prazo citado sen que se presentasen alegacións.

Dado que nos Pregos, na cláusula 6, establece que a Mesa de contratación, á vista da lista resultante e os criterios de valoración establecidos, unha vez informados polos servizos sociais do Concello, proporá motivadamente ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor dun licitante, establecendo unha orde de puntuación, quedando os demais na lista de reserva que será elaborada.

RESOLVO

Primeiro: Convocar a Mesa de contratación para que proceda, o día 07.11.14 ás 9:30 horas na Casa Consistorial ,unha vez informados polos servizos sociais do Concello, a propor motivadamente ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor dun licitante, establecendo unha orde de puntuación, quedando os demais, na lista de reserva que será elaborada .

Segundo: Unha vez feita esta proposta o órgano de contratación deberá efectuar proposta de adxudicación a favor dos licitantes que encabecen a listaxe elaborada.

Terceiro: Que se publique a presente Resolución no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Mándao e asínoo p Sr. Alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños, en Ponte Caldelas, a 4 de novembro de 2014, do que, como Secretario, dou fe.

O Alcalde,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños



O Secretario,

Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel